

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 28.10.2020 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 584 (11/POC-000020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.2 3255 (11/POC-000527)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados da fusión das caixas de aforro de Galicia, a necesidade de asunción de responsabilidades políticas e a viabilidade que tería Caixanova en solitario, así como a valoración que fai das declaracións realizadas polo responsable de KPMG no Congreso dos Deputados ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31, do 15.10.2020

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 1533 (11/PNC-000143)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa dotación orzamentaria e aplicación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020
- 2.2 3122 (11/PNC-000352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego de medidas de apoio económico, e en particular de axudas directas, para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Noa Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Noa Presas Bergantiños	BNG
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretaria	
Paula Prado del Río	P

Vogais

Ramón Fernández Alfonzo	BNG
José Luis Ferro Iglesias	P
Juan Carlos Francisco Rivera	S
María Guadalupe Murillo Solís	P
Daniel Pérez López	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Cristina Sanz Arias	P
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 584(11/POC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, 9, 02.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2020 11:48:11
Nº Rexistro: 584
Data envío: 21/08/2020 11:48:11.688

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da COVID.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política económica aplicada na última década por parte dos sucesivos gobernos do Partido Popular liderados por Núñez Feijóo trouxeron como consecuencia a consolidación da pobreza e da exclusión social, xerando unha Galiza máis desigual e grandes impactos na economía galega e na degradación da cohesión social. Após a irrupción da pandemia do coronavirus, esta situación agrávase.

Son numerosos os informes e datos que certifican esta evolución. Por exemplo, se atendemos aos datos máis recentes achegados polo coñecido como informe FOESSA vemos como recolle literalmente que a exclusión social está enquistada na nosa sociedade, e que o número de persoas en exclusión social é de 470.000 persoas, o 17,4% da poboación, e que a metade está en risco severo. E non só iso, senón que alerta dunha evolución negativa dos niveis xerais de integración e exclusión. Polo tanto, nin a clase traballadora se recuperou do impacto da crise económica que estourou no 2008 nin se fixo unha aposta por un modelo no plano económico que pasara por activar os sectores produtivos.

CSM-REXISTROALQ3NUN9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2020 11:48:11
Nº Rexistro: 584
Data envío: 21/08/2020 11:48:11.688

Na mesma liña, o oitavo informe ‘O estado da pobreza en Galiza 2019’, feito público por EAPN Galiza no marco do informe ‘O Estado da Pobreza’ tamén recolle sinais de alarma que amosan como a presunta saída da crise e o medre do cadro macroeconómico desde 2014 non teñen mellorado de forma homoxénea a capacidade económica da sociedade. Desta forma, por exemplo, salienta que o 23% da nosa poboación (622.294 persoas) atopouse no 2018 en risco de pobreza e/ou exclusión social (cun incremento de 10.209 respecto do 2017) ou que ata o 4,8% da poboación (128.000 persoas) atopouse en situación de pobreza severa con ingresos inferiores aos 370€ mensuais.

Así mesmo, de forma recorrente os sucesivos informes e datos do IGE respecto da Enquisa conxuntural a fogares amosa como practicamente a metade da poboación galega afronta dificultades importantes. Nos seus datos máis recentes, correspondentes ao último trimestre do 2019, sinala entre outras cuestións que diminuíron todos os indicadores: o de situación económica (diminuíu 12,49 puntos), o de capacidade futura de aforro (diminuíu 1,89 puntos) e o indicador de situación financeira persoal (diminuíu 0,59 puntos). Tamén o de desemprego, máis cómpre ter en conta o factor de perda de poboación antes de facer lecturas conformistas. Aínda que comparando con 2018 hai unha mellora mínima, o certo é que vendo a evolución co trimestre anterior tamén hai sinais preocupantes como que o maior aumento se dea na porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes (3,83 puntos).

Estes elementos deberan levar ao goberno galego a unha fonda reflexión sobre as medidas de corrección da súa programación económica que debe levar a cabo para impulsar a igualdade e a cohesión social en Galiza así como para avaliar e intervir nas consecuencias que esta situación ten na nosa economía. Máis aínda, tendo en conta o impacto da crise da covid-19 en temos laborais e económicos, a previsión de impacto no PIB e a posibilidade de agravarse diante de novos gromos.





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2020 11:48:11
Nº Rexistro: 584
Data envío: 21/08/2020 11:48:11.688

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza e o seu agravamento pola crise da Covid-19?

Considera o goberno galego que promoveu na última década unha meirande cohesión social?

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza?

Como valora o goberno galego a evolución das necesidades sociais no noso país? Considera que estamos mellor ou peor preparadas no caso de volver vivir un período de recesión intenso?

Considera eficaces as súas políticas sociais? Están preparadas para atender as emerxencias desatadas pola pandemia?

Como avalía as repercusións na economía galega desta situación, por exemplo no ámbito do consumo?

E no ámbito do acceso aos servizos públicos?

Impulsou ou vai impulsar estudos para avaliar e medir a fenda de xénero en pobreza e exclusión social en Galiza?

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das persoas de meirande idade?





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2020 11:48:11
Nº Rexistro: 584
Data envío: 21/08/2020 11:48:11.688

Ten avaliado o desigual impacto ao longo do territorio da desigualdade social?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2020 11:43:27

Ramón Fernández Alfonso na data 21/08/2020 11:43:37

Daniel Pérez López na data 21/08/2020 11:43:53



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3255(11/POC-000527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados da fusión das caixas de aforro de Galicia, a necesidade de asunción de responsabilidades políticas e a viabilidade que tería Caixanova en solitario, así como a valoración que fai das declaracións realizadas polo responsable de KPMG no Congreso dos Deputados ao respecto

Publicación da iniciativa, 31, 15.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3255
Data envío: 08/10/2020 16:16:29.592

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

No mes de setembro de 2020, cumpriáanse dez anos dende que se formalizaba a fusión das caixas de aforro de Galicia, Caixa Nova e Caixa Galicia, alumeando unha nova entidade, Novacaixagalicia, que despois de ser rescatada polo FROB, derivou na segregación do seu negocio bancario dando lugar a Novagalicia Banco S.A., banco que a súa vez foi nacionalizado e posteriormente vendido a un empresario privado por un importe de 1.000 millóns de euros.

Esta fusión que derivou nunha auténtica desfeita do sistema financeiro galego, tivo un custe para o erario público de 9000 millóns de euros (executado polo FROB) e a perda estimada de 3.700 empregos directos.

E público e notorio, así se recolle nas actas do Pleno do Parlamento de Galicia e na totalidade dos medios de comunicación da época, que a fusión das caixas galegas se produciu polo impulso e apadriñamento do presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, apelando este a “*solvencia e galeguidade*“ da nova caixa fusionada, escenificando o nacemento da nova entidade con todo tipo de parafernalia, primeiro na residencia oficial do presidente e posteriormente no Centro Galego de Arte Contemporáneo, onde se asinou cunha pluma Montblanc encargada e gravada para a ocasión coa lenda “*Fusión Caixas Galegas*“.

A xustificación da fusión das caixas galegas amparábase, segundo manifestaba daquela o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Facenda, nun informe de KPMG, informe nunca exhibido, a pesar de ser reclamado insistentemente por este e outros grupos parlamentarios.

A realidade é que este informe de KPMG, que tivo un custe de 1 millón de euros, non avalaba a fusión de Caixa Galicia e Caixanova, segundo manifestou o Sr. Francesc Gibert na Comisión do Congreso dos Deputados, tratándose dun informe acelerado, feito no prazo dun mes, un informe de trazo gordo, sen realizar auditoría algunha e que en ningún caso analizaba escenarios de fusión ou integración das caixas galegas.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3255
Data envío: 08/10/2020 16:16:29.592

Recentemente, o pasado 1 de outubro, a Sala do Penal da Audiencia Nacional vén de ditar un Auto Xudicial (Procedemento Abreviado 9/2019), no que destaca que a situación económica na que se atopaba Caixa Galicia antes da fusión con Caixanova foi a que propiciou o rescate da entidade resultante. O Auto Xudicial incide de xeito expreso en que Caixanova nunca tería ser intervida se non se obrigase a fusionarse con Caixa Galicia.

Entre os documentos que se manexaron para ditar o referido Auto Xudicial figura un sobre Caixa Galicia que sinala *“la justeza de la solvencia que se considere su perfil de riesgo muy alto, sendo cuestionada su viabilidad como entidad independiente”*.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a fusión das caixas galegas foi un gran erro político e financeiro, que esixe a asunción de responsabilidades políticas polos seus principais impulsores?
2. Que valoración fai o Goberno galego respecto as declaracións do responsable de KPMG na Comisión do Congreso dos Deputados, nas que afirmaba que esta consultora nunca avalou unha fusión entre Caixanova e Caixa Galicia?
3. Considera o Goberno galego, visto o resultado da fusión, que a entidade Caixanova tería viabilidade en solitario?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 16:11:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3255
Data envío: 08/10/2020 16:16:29.592

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 16:11:45



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1533(11/PNC-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa dotación orzamentaria e aplicación

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A situación dos fogares galegos a finais de 2019 amosaba que estes aínda non se tiñan recuperado da crise económica de 2008, manténdose o 24,3 % da nosa poboación en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE), 33.000 persoas máis que no 2018, cun incremento de 2,18 puntos porcentuais de fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes dende o primeiro ao cuarto trimestre de 2019, chegando a unha subida do 19,53 % se comparamos o segundo trimestre de 2019 co mesmo trimestre de 2020.

O mesmo acontece cando comparamos os fogares nos que todos os seus membros están en paro, que se teñen incrementado en 2500 fogares se comparamos o cuarto trimestre de 2009 e o mesmo trimestre de 2019, ou o incremento en 12700 fogares sen ingresos para o mesmo período, segundo os datos EPA publicados polo IGE.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para saír da pobreza, pero a enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflexa que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e as que o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

Estes datos, recollidos nun bo número de informes, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas e de emprego da Xunta de Galicia do PP durante os seus máis de once anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuír as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente, chegando nalgúns casos a considerarse situacións naturalizadas, pasando así de ser lacras a combater a feitos que aceptar.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 09:57:17
Nº Rexistro: 1533
Data envío: 09/09/2020 09:57:17.460

Esta situación supuxo que o noso país estivera nunha peor situación que no conxunto do Estado para enfrontarse á crise económica e social derivada da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar inmediatamente un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, con orzamento, prazos e medidas concretas e medibles, que permitan reverter esta preocupante situación dos fogares galegos.
2. Tramitar as modificacións orzamentarias deste exercicio para iniciar a aplicación do plan e se teñan en conta as contías necesarias na elaboración dos orzamentos do exercicio 2021.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 19:18:23

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/09/2020 19:18:44

Marina Ortega Otero na data 08/09/2020 19:18:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO: HFRZgibw9
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 09:57:17
Nº Rexistro: 1533
Data envío: 09/09/2020 09:57:17.460

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/09/2020 19:19:02

CSV REXISTRO
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 3122(11/PNC-000352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego de medidas de apoio económico, e en particular de axudas directas, para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:47:02
Nº Rexistro: 3122
Data envío: 07/10/2020 13:47:02,033

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa situación. De forma especial o de Ourense e o de Barbadás.

Así as cousas, finalmente o 6 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza acordaba restrinxir a mobilidade nos concellos de Ourense e Barbadás. Así mesmo, acordaba incrementar as medidas nos concellos de Barbadás, Verín e O Barco de Valdeorras, e na comarca do Carballiño prohibindo xuntanzas de non convivintes, ademais de manter a mesma restrición en Ourense.

Tamén se anunciaba que a partir das 00 do xoves nos concellos de Ourense e Barbadás aplicaríanse as medidas de nivel 3, polo que pasa a estar prohibido que bares e cafeterías poidan servir no interior, limitándose a atender nas terrazas a grupos de 5 persoas. Por outra banda, entran en nivel 2 os concellos das comarcas do Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Allariz, Verín e O Barco. Entre estas restricións xerais deste nivel destacan a limitación dos aforos ao 50% nos establecementos comerciais, de restauración e hostalería -onde ademais estará prohibido o consumo en barra.

CSM-REXISTROnfb6c2f60
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csm/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/10/2020 13:47:02

Nº Rexistro: 3122

Data envío: 07/10/2020 13:47:02.033

Estas recomendacións buscan atallar a incidencia da covid-19 e requiren de respaldo por parte das forzas políticas. Mais é evidente que traen canda si importantes consecuencias no ámbito económico, de forma especial para ámbitos xa castigados coma a hostalería, o turismo e o ámbito do ocio.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza aposte por respaldar estes sectores, permanecendo vixiante e activa para evitar que este aumento das medidas sanitarias nesta nova vaga non teña consecuencias irreversíbeis na economía dunha cidade e dunhas vilas que xa teñen unha situación socioeconómica moi grave

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a establecer medidas de apoio económico, e particularmente axudas directas, para os sectores económicos máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás, que derivan no peche temporal ou redución drástica de ingresos de ámbitos como o hostaleiro, comercial ou turístico.”

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/10/2020 13:47:02

Nº Rexistro: 3122

Data envío: 07/10/2020 13:47:02.033

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2020 13:41:00

María González Albert na data 07/10/2020 13:41:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2020 13:41:17

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 13:41:27

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 13:41:41

Ramón Fernández Alfonso na data 07/10/2020 13:41:51



CSV REXISTRO: R0mfb2160

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>